



Para a un uso sustentábel da auga en Galicia

Isabel Pardo Gamundi¹

Os ecosistemas de auga doce, malia representaren só entre un 2,5 e un 3 % da superficie terrestre, son cruciais para os organismos vivos, incluídos os humanos. A crecente escaseza de recursos naturais e a súa continua extracción, ao lado da degradación dos ecosistemas, están a ser obxecto dun amplo debate público alimentado por unha demanda crecente, polas restricións impostas pola lexislación e polas consecuencias do cambio climático². A xestión sustentábel do uso da auga móvese nun compromiso entre a extracción da auga necesaria para o abastecemento das poboacións humanas e das actividades produtivas e o mantemento da integridade e o funcionamento natural dos ecosistemas acuáticos. Esta integridade dos ecosistemas garante a súa resiliencia, é dicir, a súa capacidade de recuperación após unha perturbación. Ao contrario, a deterioración da súa capacidade de recuperación fronte ás alteracións conduce á súa degradación, facendo que o seu uso xa non sexa sostíbel socio-economicamente.

1.- A auga en Galicia

A abundancia de auga en Galicia é unha consecuencia do seu clima oceánico, con forte influencia mariña. Esta abundancia de auga na rexión galega –cunha destacábel dominancia de materiais

1 Isabel Pardo Gamurdi é doutora en Bioloxía pola U. de Santiago. Na actualidade é Cate-drática de Ecoloxía da Universidade de Vigo, Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal. Pertence ao grupo de investigación: Ecoloxía e Tecnoloxía de Ecosistemas Acuáticos.

2 GE, L. e outros. 2016. Why we need resilience thinking to meet societal challenges in bio-based production systems. *Current Opinions on Environment Sustainability*. 23: 17-27.